

PREGUNTA DE AER SOBRE FECAIS EN CESANTES

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

Unha vez tras outra veñen dándose casos de vertidos de fecais aos nosos ríos e mesmo ao mar. Non temos constancia de intervención algunha para remedialo máis aló de limpar. Señor concelleiro de Medio Ambiente, gustaríanos escoitar por unha vez que en vez de limpar van adoptar remedios para non ter que limpar tanto e tan inutilmente.

Neste caso queremos saber que medidas se están a adoptar na rede de sumidoiros que pasa pola praia de Cesantes porque, dando por suposto que coñece o problema, pluviais e fecais van xuntas e desbordan polos aliviadores. Pasan ao paseo, van polas canles de pluviais do paseo cara ao mar, pero como están obstruídas acaban, pluviais e fecais desbordadas no parque infantil.

Testemuñas orais, fotográficas, de vídeo amosan esa circunstancia cada vez que chove forte. E aquí chove forte de cando en vez. Non sabemos se o sistema de bombeo é suficiente para o caudal desa rede e mesmo que a capacidade da tubería é axeitada. Gustaríanos tamén que nos garantise que coas novas obras na estrada da praia non se incorporaron máis pluviais a esa mesma rede de saneamento. Por todo o anterior, preguntamos:

Ten algunha medida “en marcha e con data de intervención” para resolver este problema?

O concelleiro ÁLVAREZ BALLESTEROS di que cando formularon a pregunta, trasladáronlla a Aqualia, e pasa a dar lectura do informe recibido da concesionaria, di que as augas pluviais e fecais están separadas.